

## EXERCICIOS DE VOCABULARIO “A RADIO E A TELEVISIÓN” (p. 126)

1.

- **Podcast**: ficheiros de son que fican almacenados nun servidor de Internet e que as persoas subscritas baixan automaticamente.
  - **Programación**: organización ou planificación dos programas de radio e de televisión e conxunto destes programas ou emisións.
  - **Magazine**: formato de programa radiofónico ou televisivo de entretemento que combina diferentes xéneros (actuacións, concursos, entrevistas etc.), dirixido ao gran público. Tamén se denomina «programa de variedades» ou «revista».
  - **Tempada**: período de tempo anual no que se emite un programa radiofónico ou televisivo.
  - **Documental**: filme de carácter didáctico ou informativo sobre un aspecto concreto da realidade, xeralmente sen argumento e de curta duración.
- Os préstamos que atopamos entre estes termos son os seguintes: *podcast* (do inglés, contracción de iPod e broadcast) e *magazine* (do inglés, co significado de ‘revista’).

2.

- Profesional da radio ou da televisión encargado de conducir os programas: **locutor** ou **locutora**.
- Persoa que escoita un programa de radio: **oínte** ou **ouvinte**.
- Transmitir por radio: **radiar**.
- Local onde se realizan gravacións e emisións de programas de radio: **estudio**.

3.

- Televisión’ (ou ‘transmitido por televisión’): telexornal, telelixo, teledente, teleadicto/a, telenovela.
  - Outros exemplos: telemárketing, telecompra, telespectador/a, telefilme, teletexto.
- ‘A distancia’: teléfono, telégrafo, telepatía.
  - Outros exemplos: teletraballo, telegrama, telecomunicación, teletransporte, teledirixir, teleobxectivo, teleconferencia.